

*Acordo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para dar publicidade ás puntuacións tidas en conta para a resolución definitiva do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 122, do 22 de xuño).*

1.- Mediante a Orde do 4 de xuño de 2020 convocouse o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas dependentes desta consellería. (DOG n.º 122, do 22 de xuño).

2.- Consonte a base 7.5 da Orde do 4 de xuño de 2020, por resolución do 30 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, fixéronse públicas na páxina web corporativa as puntuacións definitivas dos participantes no proceso selectivo. Na dita resolución, así como na base 7.6, indicábase que contra as puntuacións definitivas os interesados poderían interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

3.- De conformidade co establecido na base 8.5 da Orde de convocatoria, mediante a Orde do 9 de febreiro de 2022 resolveuse o procedemento e fíxose pública a relación de persoal aspirante que superou o procedemento. Para a resolución definitiva do procedemento tivéronse en conta as resolucións emitidas con ocasión dos recursos de alzada presentados contra o baremo definitivo, que implicaban variar a puntuación definitiva que se outorgara a algúns participantes e que se fixera pública pola resolución do 30 de novembro de 2021.

Nesa Orde do 9 de febreiro de 2022 só se recollen as puntuacións globais acadadas polas persoas que resultaron seleccionadas no procedemento, polo que, para os simples efectos informativos dos interesados, de conformidade co principio de transparencia,

#### ACORDO

Publicar na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), as puntuacións dos participantes tidas en conta para a resolución definitiva do procedemento, desagregadas por apartados, epígrafes e subepígrafes, por corpos, quendas e especialidades, incluíndo aquelas modificacións ao baremo definitivo derivadas da estimación dos recursos de alzada presentados contra tal baremo.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

